

## SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2019

### COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

#### Rogo do PP

**Único.** Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Á vista dos problemas sufridos no pleno ordinario do pasado mes de outubro, dende o Grupo Municipal Popular interésase que as mocións que non tendo carácter urxente presenten os diferentes grupos políticos municipais dentro do prazo normativamente previsto para iso, sexan tratadas como mocións non urxentes e, polo tanto, sexan incluídas na orde do día de cada pleno, sen que proceda nin xustificar nin votar a súa urxencia, ao non tratarse de mocións urxentes, pasando directamente ao seu debate e votación.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, non acepta o rogo. Di que é potestade do alcalde incluílas ou non na orde do día do pleno.

Don Juan María Abalo Castex considera que por esa mesma regra de tres sería potestativo para as preguntas. Eles entenden que as mocións presentadas en tempo e forma deben ser incluídas na orde do día.

Dona María Dolores Pan Lesta dá lectura ao artigo 125.2 do Regulamento orgánico municipal e di que segundo este artigo é potestade do alcalde incluír a moción na orde do día do pleno, ou ben incluíla para ditame na comisión informativa. Tamén pode tratarse no propio pleno, fóra da orde do día, logo da xustificación da urxencia e ratificación por maioría absoluta.

#### Preguntas do PP

**1ª** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

O pasado 16 de maio, en plena campaña electoral municipal, celebrouse un pleno extraordinario convocado polo señor alcalde de Cambre, no que se acordou a interposición de accións xudiciais contra a Agrupación “Alternativa dos Veciños” para, segundo palabras do Goberno cambrés, defender a dignidade da Corporación de Cambre.

Transcorridos varios meses dende a dita aprobación, dende o Grupo Municipal Popular se solicita informe sobre a situación na que se atopa o procedemento xudicial que, no seu caso, foi instado.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que o prego está practicamente rematado e a previsión é que vaia á Xunta de Goberno do vindeiro martes.

**2ª** Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

O pasado mes de xaneiro, os tres grupos municipais que compoñían o Goberno de Cambre, isto é, UxC, PSOE e BNG, presentaron e aprobaron en sesión plenaria unha moción na que instaban publicamente aos grupos políticos presentes no noso concello a que todos os concelleiros deste Pleno municipal foran veciños de Cambre.

Constituída a nova Corporación municipal de Cambre, dende o Grupo Municipal Popular se require do concelleiro competente que informe se todos os membros do actual equipo de goberno cambrés cumprían tal condición, tanto no mes de xaneiro de 2019, como no mes de abril de 2019 e na actualidade.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que si.

**3ª** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

O servizo de axuda a domicilio que se presta no noso concello atópase actualmente pendente dunha nova contratación que actualice as prestacións ás necesidades dos nosos veciños hoxe en día.

O atraso que arrastra a nova contratación está xerando inqueda e malestar en boa parte dos traballadores que dedican o seu esforzo aos usuarios do servizo, sendo múltiples as razóns que aconsellan que a nova contratación se formalice canto antes.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente en que punto da nova contratación da axuda a domicilio nos atopamos.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que está en contratación. Contan que a final de ano se licitará.

O señor alcalde engade que dende o equipo de goberno queren deixar constancia en acta de que non teñen comunicación de malestar ningún por parte dos traballadores.

#### **Pregunta de C's**

\*Presentada por escrito para a Comisión Informativa celebrada o 24 de outubro de 2019

**Única.** Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Nas pasadas comisións informativas de outubro expoñíamos que:

A feira do Temple ten cambiado de localización pasando da rúa Párroco Manuel Cobas e a súa contorna, á rúa Polígono e que segundo o artigo 4 da ordenanza reguladora de venda ambulante no seu apartado 4.2, di que os postos de venda ambulante non poderán situarse nos accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais e industriais nin en lugares que dificulten o acceso e a circulación.

Os postos que se encontraban enriba das beirarrúas incumprían estes requisitos, obstaculizando o acceso a establecemento comerciais e dificultando a accesibilidade dalgúns viandantes.

Por todo iso preguntabamos:

- a. Recibiron vostedes as queixas por parte dalgúns comerciantes?
- b. Teñen en conta como emendar estes problemas nas seguintes edicións?

Ante a ausencia por motivos de saúde do concelleiro da área, comunicóusenos que se nos contestaría por escrito. Sen a día de hoxe ter recibido a dita resposta, preguntamos: Poderían responder nestas comisións?

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que co cambio de localización os postos están colocados na beirarrúa ancha e o máis preto á estrada, polo que non hai problemas de acceso.

Di que só houbo dous postos que quedaron a 2,5 metros do edificio, porque ao ser o día 14 meteuse o posto e logo non podían sacar o coche. Non recibiron queixas nin de veciños, nin do comercio, senón todo o contrario, felicitacións.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

**Rogos do PP**

1º Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Son varios os lugares do noso municipio nos que as paradas de transporte público son ocupadas ou por contedores de lixo ou polo estacionamento de vehículos particulares, tal e como se advirte na fotografía que se achega, neste caso concreto na parroquia de Anceis.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente se revise o estado das paradas de transporte público do noso municipio para os efectos de que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

2º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Veciños de todo o municipio amosan o seu malestar polos continuos fallos que sofre a iluminación pública no noso termo municipal, ocasionando evidentes problemas de seguridade. Entre as últimas destacan as producidas na estrada Cambre-O Temple, a rúa Párroco Manuel Cobas no Temple (con máis de 3 días sen iluminación pública) ou, as sufridas o pasado domingo 17 de novembro no centro de Cambre, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, obtidas ás 19:30 horas.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para resolver os constantes fallos de iluminación pública no noso concello.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

Tendo en conta que a concelleira de C's tamén presentou un rogo para esta comisión preguntando polos farois da rúa Párroco Manuel Cobas, explica que nestas zonas hai un problema grave. É necesario facer obras, non é algo que se poida solucionar simplemente avisando a Instelec. Precisamente na rúa Párroco Manuel Cobas onte volveron dar problemas. Tiveron que deixar apagada esa rúa porque senón saltaba o diferencial.

Conclúe dicindo que cre que xa se arranxou esta mañá, pero avisa que pode volver ocorrer.

Don Juan María Abalo Castex di que todo o concello ten problemas de iluminación, a xente protesta por este tema. Cre que ten que haber algo máis grave, sen prexuízo do que xa se expuxo.

**3º** Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Veciños da Pena da Nosa Señora comunicáronnos a aparición, este último mes, dun zorro desecado cunha presa na súa boca que, tal e como demostran as fotografías que se achegan, se atopa nunha finca ao aire libre localizada en torno aos números 2 e 4 do mencionado lugar. Entorno no que xa avisamos en comisións anteriores da existencia dun niño de avésa asiática que a día de hoxe aínda non foi retirado.

Ante a evidencia de que o dito lugar non é o máis apropiado para a permanencia dun animal desecado, motivos de sanidade e salubridade tamén recomendan a súa retirada, razón pola cal, dende o Grupo Municipal Popular, se interesa do equipo de goberno que se adopten as medidas necesarias para a retirada do dito animal desecado á maior brevidade posible, poñendo o feito en coñecemento do Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, explica que se trata dunha finca privada. Chamaron á Garda Civil e son os que están facendo as dilixencias. Puxéronse en contacto co Seprona.

Don Juan María Abalo Castex expón que estes rogos e preguntas se presentaron o luns pola noite, o martes pola mañá ese animal caera polo temporal e pouco despois xa estaba outra vez de pé e cunha nova presa.

#### **Rogo de C's**

**Único.** Dona María José García Hidalgo retira o rogo, dado que xa foi contestado xunto co 2º rogo presentado polo PP para esta comisión.

#### **Preguntas do PP**

**1ª** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Este verán, con gran despregue mediático, como nos ten acostumado o Goberno de Cambre, publicouse o comezo das obras de construción da rotonda da Rocha, nas que o Ministerio de Fomento vai investir 800.000 euros.

O certo e verdade é que as ditas obras levan máis de 15 días non só paralizadas, senón incluso sen a presenza de maquinaria ningunha.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente sobre o motivo da paralización das obras, a ausencia de maquinaria na zona e o calendario de actuacións previstas.

O señor alcalde contesta que onte falou co adxudicatario e dixéronlle o mesmo que ao concelleiro de Urbanismo Juan Leirós, é un tema de Fomento. Paralizáronse as obras polo temporal e están pendentes do permiso dunhas cruces, supón que será por unhas obras da rede de sumidoiros para tres casas que hai alí. Pero reitera que a paralización é debida ao temporal, pero a semana que entra empezarán.

**2ª** Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Nos últimos días do pasado mes de outubro os veciños de Cambre vímonos sorprendidos pola noticia de que o alcalde de Cambre solicitaba a axuda da Xunta de Galicia e dos propios veciños para identificar o lugar do que provía unha praga de pulgas. Localización que, ao parecer, buscouse nas inmediacións do cemiterio e do centro de saúde de Cambre, así como no campo de fútbol Dani Mallo, e na contorna do paseo fluvial do río Mero.

A imposibilidade de localización do foco buscado, parece ser que foi a que motivou que o alcalde de Cambre enviara senllos escritos á Consellería de Medio Ambiente e Sanidade, solicitando a súa colaboración, así como a dos veciños.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao noso alcalde cal foi o resultado das pescudas, o estado no que actualmente se atopa a praga de pulgas detectada en Cambre, así como as medidas adoptadas para evitar contaxios ou propagación da praga.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que o resultado das pescudas foi negativo, non houbo praga, dixéronlles que probablemente foi debido ás temperaturas altas. Conclúe dicindo que manterán a vixilancia e reitera que non se tratou dunha praga.

O señor alcalde engade que se encargaron dous informes, a un técnico e a Sanal, pero non se concluíu nada. O denominador común parece ser que era o río Mero, pero non había un foco concreto, como no caso das velutinas. Despois pediuse informe á Xunta de Galicia, pero a día de hoxe non tiveron contestación.

**3ª** Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días temos sufrido inclemencias meteorolóxicas que motivaron a declaración de varias alertas tanto amarela como laranxa. Temporais que provocaron numerosas incidencias no noso municipio, das que dende o Grupo Municipal Popular solicitamos se informe en comisións informativas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá dá lectura ao informe emitido polo coordinador do Servizo de Emerxencias e Protección Civil de Cambre, que consta do seguinte teor literal:

“O pasado día 14/11/2019, Cambre (como o resto de Galicia) estivo baixo a influencia dun fenómeno meteorolóxico adverso que deixou unha gran cantidade de incidencias ao seu paso debido aos fortes refachos de vento (superaron os 110 km/h) e á gran cantidade de auga caída.

O Servizo de Emerxencias, Policía Local e persoal de Obras e Servizos foron os encargados de facer fronte a esta difícil xornada marcada polas inclemencias do tempo.

Incidencias atendidas polo Servizo de Emerxencias:

1. Cable de telefonía caído na Pena 26 (Sigrás)
2. Vertido árbore caída na rúa Sixto (Cambre 2 árbores)
3. Vertido árbore caída en Sigrás de Abaixo (detrás da escola de música 4 árbores)
4. Varias árbores caídas nas Lapas (Santa María de Vigo, 3 árbores)
5. Posible desprendemento dunha cheminea na rúa Antón Fraguas (O Temple)
6. Vertido árbore caída en Fraís (Cecebre)
7. Árbore sobre tendido eléctrico na Ponte (Cela)
8. Vertido árbore caída na Ponte (Cela)
9. Vertido árbore caída nos Campóns (Sigrás)
10. Cable eléctrico solto en Meixigo (Meixigo-San Lourenzo)
11. Vertido árbore caída na rúa Sixto (Cambre)

12. Vertido árbore caída nas Tablas (Santa María de Vigo)
13. Vertido árbore caída na estrada Cambre-O Temple
14. Chapa desprendida na praza da Ría (O Temple)
15. Arranxo elemento urbano (poste de telefonía) en Pena da Nosa Señora (Cambre)
16. Vertido árbore caída nas Tablas (Santa María de Vigo 2 árbores)
17. Vertido árbore caída na AC 221 (Pravio)
18. Retirada elemento urbano na CP 1704 (Cela)
19. Vertido árbore caída no Cobelo (Pravio)
20. Vertido árbore caída en Seoane de Abaixo (Anceis)
21. Retirada elemento urbano no Corgo (Brexo-Lema)
22. Cable eléctrico solto en Riveiriña (Bribes)
23. Vertido árbore caída en Picardos (Anceis)
24. Vertido árbore caída en San Benito (Anceis)
25. Vertido árbore caída paralelo autoestrada (Anceis)
26. Vertido árbore caída en Armental (Pravio)
27. Vertido árbore caída en AC 213
28. Vertido árbore caída na Lapa (Santa María de Vigo 5 árbores)
29. Retirada elemento urbano no Lugar de Brexo (Brexo-Lema)
30. Vertido árbore caída en Lg. de Lendoiro (Cecebre)
31. Vertido árbore caída en Lg. de Carballás (Pravio 2 árbores)
32. Vertido árbore caída en Lg. de Castrobó (Anceis)
33. Vertido árbore caída en Lg. de Rueiro (Cela 3 árbores)
34. Retirada elemento urbano na praza da Ría (O Temple)
35. Vertido árbore caída e rúa Tapia (O Temple)
36. Problemas na iluminación pública en San Lourenzo (Meixigo)
37. Vertido árbore caída en Lg. Cobaza (Andeiro)
38. Retirada elemento urbano no Souto (Sigrás)
39. Retirada elemento urbano en Andeiro (Andeiro)
40. Vertido árbore caída en Lg. Veiga (Santa María de Vigo)
41. Retirada elemento urbano na rúa Castellana (Cambre)
42. Vertido árbore caída en Lg. O Canal (2 árbores Cecebre)
43. Vertido árbore caída en Lg. A Lapa (3 árbores Santa María de Vigo)
44. Vertido árbore caída na estrada Cambre-O Temple (Cambre)
45. Vertido árbore caída en Lg. Seoane (Anceis)
46. Retirada elemento urbano na rúa Constitución (O Temple)
47. Retirada elemento urbano na rúa Álvaro Cunqueiro (O Temple)
48. Retirada elemento urbano en rúa Pígara (O Temple)
49. Vertido árbore caída no paseo fluvial (4 árbores)
50. Vertido árbore caída en Mercurín (Anceis)
51. Retirada elemento urbano no Drozo (Anceis)
52. Vertido árbore caída en Lg. Gosende (Andeiro)
53. Vertido árbore caída en Lg. Ascariz (Brexo-Lema)
54. Vertido árbore caída en Lg. Lendoiro (Cambre)
55. Retirada elemento urbano en Espírito Santo (Cecebre)
56. Vertido árbore caída en Lg. Coruxos (Meixigo)
57. Vertido árbore caída en Lg. da Patiña (Cela)
58. Retirada elemento urbano en Muíños de Naya (Sigrás)
59. Retirada elemento urbano en rúa Os Templarios (O Temple)
60. Vertido árbore caída en Lg. Golpilleiras (Santa María de Vigo)
61. Vertido árbore caída en Lg. As Gamelas (3 árbores Anceis)
62. Retirada elemento urbano en Lg. Cobazas (Anceis)
63. Vertido árbore caída en Lg. Barral (Bribes)
64. Vertido árbore caída en Lg. San Paio (2 árbores Brexo-Lema)
65. Vertido árbore caída en Lg. Pousadoira (Brexo-Lema)
66. Retirada elemento urbano na Gándara (Pravio)
67. Vertido árbore caída en Lg. Altamira (Anceis)
68. Vertido árbore caída en Lg. Mosca (Santa María de Vigo)

69. Limpeza arqueta (inundación) en Polígono Espírito Santo (Cecebre)
70. Retirada elemento urbano na rúa Constitución (O Temple)
71. Vertido árbore caída en Sigrás de Abaixo (2 árbores)
72. Vertido árbore caída en Lg. Armental (Pravio)
73. Vertido árbore caída en Lg. Castrobó (Anceis)
74. Retirada elemento urbano en Lg. O Caneiro
75. Vertido árbore caída en Lg. Xan Faba (Sigrás)
76. Retirada elemento urbano na rúa Nobel (Cecebre)
77. Retirada elemento urbano Lg. O Drozo (Cambre)
78. Vertido árbore caída en Lg. Fabás (3 árbores Pravio)
79. Retirada elemento urbano no Paseo Marítimo (O Temple)
80. Vertido árbore caída en Lg. O Mosteiro (3 árbores Bribes)
81. Vertido árbore caída en Lg. Aián (Sigrás)
82. Vertido árbore caída en Lg. Altamira (Anceis)
83. Retirada elemento urbano rúa Picota
84. Vertido árbore caída en Lg. O Canal (Cecebre)
85. Vertido árbore caída en Lg. Pastel (Pravio)
86. Vertido árbore caída en Lg. Golpilleiras (Santa María de Vigo)
87. Retirada elemento urbano en rúa Monier (Cecebre)
88. Problemas de iluminación pública no centro de Cambre
89. Problemas de iluminación pública nas rúas Párroco Manuel Cobas, Francisco Rodríguez, Pígara e Parque Ramón Barba (O Temple)”

### Preguntas do C's

1ª, 2ª e 3ª Lee as preguntas dona María José García Hidalgo.

- É certo que as plantas da nova Casa da Cultura van quedar, unha vez finalizada a obra, independentes, sen escaleiras nin ascensor?
- Terán os cidadáns que queiran ir dunha planta a outra que saír ao exterior?
- Terán que salvar unha rampla externa con inclinación superior á normal no que á accesibilidade se refire, para, como preguntamos anteriormente, ir dunha planta a outra?

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que a resposta ás dúas primeiras preguntas é si, e a resposta á terceira é non.

O señor alcalde engade respecto da rampla que esta reunirá as condicións de accesibilidade e tamén haberá unha escaleira.

### COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

### Pregunta do PP

Única. Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

A escola de música e baile “As Mariñas” viu como se cambiou o seu lugar de emprazamento. Primeiro da Casa da Arrigada ao local social que utiliza a Asociación da Terceira Idade da Barcala, e de alí a outro local máis pequeno que limita considerablemente os ensaios e capacidades.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente se a localización é transitoria, así como as posibilidades de que a dita escola de música e baile volva a contar cunhas instalacións acordes coa actividade que desenvolve en beneficio do noso pobo.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que se están estudando novos emprazamentos.